| | | TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución | Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución |
| Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes | | | |
| <input type="checkbox"/> B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto. | Identificar os elementos que os configuran os equipamentos informáticos e a súa función no conxunto. | <input type="checkbox"/> TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información. <input type="checkbox"/> | Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información |
| | | TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático | Coñece a configuración de elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipo informático |
| B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral. | | TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes | Resolve problemas sinxelos vinculados ás aplicacións informáticas |
| <input type="checkbox"/> B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas. | | TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos. | Coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos |

| | | | |
|--|--|---|--|
| <input type="checkbox"/> B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características | Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características | TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles. | Coñece e compara diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles. |
| B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles. | Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles | TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. | Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais |
| Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital | | | |
| <input type="checkbox"/> B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos. | Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos | <input type="checkbox"/> TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. | Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa |
| | | TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. | Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. |
| | | TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. | Elabora bases de datos sinxelas para consultar datos, e organizar a información e xerar documentos. |
| B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións. | Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións. | <input type="checkbox"/> TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. | Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións |
| | | <input type="checkbox"/> TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos | Manexa audacity e movie maker para editar a informaci |
| Bloque 4. Seguridade informática | | | |
| <input type="checkbox"/> B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información. | Coñecer condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información. | <input type="checkbox"/> TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. | Coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. |
| | | <input type="checkbox"/> TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. | Coñece os riscos de seguridade hábitos de protección adecuados |
| | | <input type="checkbox"/> TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade | Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade |
| Bloque 5. Publicación e difusión de contidos | | | |
| <input type="checkbox"/> B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles. | Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles | <input type="checkbox"/> TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. <input type="checkbox"/> | Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais |
| B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica. | .Elaborar e publicar contidos nunha web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica. | TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. | Integra elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais |
| | | TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. | Deseña páxinas web sinxelas con sites |

| | | | |
|--|--|---|--|
| B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregarlos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social. | | TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios | Comparte documentos con carácter social en google docs |
| Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión | | | |
| □B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles. | Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles | □TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma. | Elabora materiais para a web |
| | | TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. | Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. |
| | | TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo. | Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo |
| □B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas | Coñecer cómo empregar o sentido crítico e hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas | □ TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. | Participa a redes sociais de xeito responsable |
| B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo | Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo | □ TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións | Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións |

Crterios de cualificación: A nota obterase do seguinte xeito:

1. A nota de cada avaliación é a media ponderada cos pesos relativos a cada instrumento. Veñen indicados na táboa do punto 3 da programación e os poño a continuación:

| Instrumento | 1ªava | 2ªava | 3ªava |
|--|-------|-------|-------|
| Probas escritas | 15% | 15% | 15% |
| Listas de control | 5% | 5% | 5% |
| Proba de informática (probas de libreoffice, reto de stopmotion con Openshot video, páxina con sites e /ou blog con blogger,, Karaoke con audacity, xogo con Scratch u con APPinventor, Prezi) | 50% | 50% | 50% |
| Traballo de informática (o traballo diario e pautado) | 30% | 30% | 30% |

2. É preciso **ter como mínimo**, en calquera dos instrumentos de avaliación, **un 3** para poder aplicar os pesos relativos anteriores e **calcular a media aritmética en cada avaliación**. De non acadar o 3 como mínimo en cada un dos instrumentos de avaliación, a nota máxima da avaliación, sería:

- 4 cando se obtén unha media de máis dun 3 na proba de informática
- 3 cando se obtén unha media de máis dun 2.5 na proba de informática
- 2 cando se obtén unha media de máis dun 2 na proba de informática
- 1 cando se obtén menos dun 2 na proba de informática

3. A nota final de curso é a **media aritmética**: das notas de cada avaliación

4. É preciso ter unha **nota superior a 3 en cada avaliación para** realizar a media e poder aprobar o curso cunha nota mínima de 5

5. Cando se obteña menos dun 3 en as **probas escritas** (exames) e/ou **proba de informática, realizaranse probas de recuperación**. Con a nota obtida na recuperación **volverase a calcular a media, cos pesos ponderados**.

O traballo diario non se recupera pero a aula virtual permitirá subidas de tarefas fora de prazo con penalización na nota

Criterios de cualificación da avaliación extraordinaria:

Se fará unha proba escrita, de preguntas curtas o tipo test, na que se aplicarán os criterios de avaliación da avaliación extraordinaria. Na proba indicarse o peso de cada pregunta. **A nota desta proba será a nota da avaliación**

Os/as alumnos/as que copien nunha proba escrita se lles retirará o exame e calificaraselles o que estea escrito anulando as preguntas copias.

Os/as alumnos/as que se copien o traballo na aula virtual, previa conversación con eles, se les calificará o traballo cun factor de corrección de 0,3, é dicir si teñen un 10 quedaríalles un 3

Se é o caso, ó inicio de cada avaliación o profesor comunicarlles ós alumnos e alumnas as variacións das porcentaxes anteriores, quedando recollido no libro de actas.

Ao finalizar cada unidade didáctica, o profesor fará unha autoavaliación relativa á súa práctica docente: metodoloxía, recursos, etc. Terá en conta as opinións dos alumnos acerca da unidade didáctica, para o que pedirá a súa opinión de maneira oral ou escrita. Cando menos cada trimestre sería conveniente que fixera unha pequena enquisa para solicitárle-la opinión ós alumnos. Tendo en conta as súas propias reflexións e as opinións dos alumnos o profesor, se é o caso, irá adecuando a presente programación para que teña unha maior eficacia.

A cualificación da materia para cada unha das avaliacións vén dada nas seguintes táboas, tendo en conta os criterios das táboas anteriores, é dicir mínimo exisíble para aplicar os pesos ponderados é un 3 en cada instrumento:

2º ESO, TEC

| | |
|--------------|--|
| 1º AV | $0.4x(\text{proba escrita1})+0.1x(\text{anteprojecto1})+0.05x(\text{actitude cara á materia})+0.35x(\text{taller})+0.1x(\text{tarea1 inf}+\text{tarea2 inf}+\text{tarea3 inf})/3$ |
| 2º AV | $0.4x(\text{proba escrita2})+0.1x(\text{anteprojecto2})+0.05x(\text{actitude cara á materia})+0.35x(\text{taller})+0.1x(\text{tarea4 inf}+\text{tarea5 inf}+\text{tarea6 inf})/3$ |
| 3º AV | $0.4x(\text{proba escrita})+0.1x(\text{memoria do proxecto})+0.05x(\text{actitude cara á materia})+0.35x(\text{taller})+0.1x(\text{tarea1 inf}+\text{tarea2 inf}+\text{tarea3 inf})/3$ |
| XUÑO | $(\text{Nota 1º av}+\text{Nota 2º av}+\text{Nota 3º av})/3$ |

3º ESO, TEC

| | |
|-------|--|
| 1º AV | $0.4x(\text{proba escrita1})+0.1x(\text{anteprojecto1})+0.05x(\text{actitude cara á materia})+0.35x(\text{taller})+0.1x(\text{tarea1 inf+tarea2})/2$ |
| 2º AV | $0.4x(\text{proba escrita2})+0.1x(\text{anteprojecto2})+0.05x(\text{actitude cara á materia})+0.35x(\text{taller})+0.1x(\text{tarea3 inf+tarea4 inf})/2$ |
| 3º AV | $0.4x(\text{proba escrita3})+0.1x(\text{memoria do proxecto})+0.05x(\text{actitude cara á materia})+0.35x(\text{taller})+0.1x(\text{tarea1 inf+tarea2 inf})/2$ |
| XUÑO | $(\text{Nota 1º av}+\text{Nota 2º av}+\text{Nota 3º av})/3$ |

4º ESO, TIC

| | |
|-------|--|
| 1º AV | $0.15x(\text{proba escrita ou test1})+0.5x(\text{proba inf1+proba inf2})/2+0.3x(\text{tarea diaria1+tarea diaria2+tarea diaria3..../ nº de tarefas diarias})+0.05x(\text{act cara a materia})$ |
| 2º AV | $0.15x(\text{proba escrita ou test2})+0.5x(\text{proba inf1+proba inf2})/2+0.3x(\text{tarea diaria1+tarea diaria2+tarea diaria3..../ nº de tarefas diarias})+0.05x(\text{act cara a materia})$ |
| 3º AV | $0.15x(\text{proba escrita ou test3})+0.5x(\text{proba inf1+proba inf2})/2+0.3x(\text{tarea diaria1+tarea diaria2+tarea diaria3..../ nº de tarefas diarias})+0.05x(\text{act cara a materia})$ |
| XUÑO | $(\text{Nota 1º av}+\text{Nota 2º av}+\text{Nota 3º av})/3$ |

DETALLES DE FORMATO DAS PROBAS:

PROBA ESCRITA.

A proba escrita versará sobre os estándares descritos en cada avaliación. As preguntas terán unha puntuación proporcional ao peso dos estándares referidos. A proba cualificarase entre 0-10 puntos.

Cada cuestión incluíra a súa puntuación.

Preguntas curtas para desenvolver: Valorarase a precisión, razoamento e grao de profundidade das respostas emitidas, así como a incorporación da nova terminoloxía da unidade. Asimesmo deberase coidar a ortografía.

Preguntas de identificar ás partes dun debuxo/esquema/estructura: subdividirase o valor da pregunta entre o número de termos "problema". A cualificación obtérase multiplicando o número de termos acertados polo seu valor individual.

Preguntas tipo test::

Resposta múltiple: cada ítem presentará catro opcións, existindo a posibilidade de que mais dunha opción sexa correcta. O test poderá contar negativo. Por exemplo: cada tres ítems erróneos penalizan un ítem correcto. De ser o caso, advertirase no enunciado da pregunta e incluírase a fórmula de cálculo: N° respostas acertadas x Valor ítem - $(N^{\circ}$ respostas erróneas/3) x Valor do ítem.

Verdadeiro/falso: os ítems presentarán dúas opción V/F. O test contará negativo: cada dous ítems erróneos penalizan un ítem correcto, ou ben cada dous ítems erróneos penalizan un ítem correcto. De ser o caso, advertirase no enunciado da pregunta e incluírase a fórmula de cálculo que corresponda.

Preguntas de completar con termos que faltan. Inclúranse espazos vacíos para completar cun termo ou cunha frase breve. Subdividirase o valor da pregunta entre o número de termos "problema". A cualificación obtérase multiplicando o número de termos acertados polo seu valor individual.

Preguntas de debuxar. Valorarase principalmente, a exactitude e precisión do resultado, así como a limpeza e orde

TRABALLO TALLER

Cada actividade será valorada mediante RÚBRICA que estará EXPOSTA na Aula-Taller e será explicada ao inicio, establecéndose unha gradación dos desempeños para cada descriptor

ACTITUDE CARA Á MATERIA

O alumno/a acadará a máxima puntuación prevista neste apartado se:

- Responde voluntariamente ás preguntas orais de repaso.
- Préstase voluntario para corrixir cuestións ou/expoñer investigacións.
- Realiza preguntas constructivas sobre a asignatura ou pregunta dúbidas en voz alta.
- Trae diariamente os seu material á clase (material debuxo, pendrive, apuntes, libreta, bolígrafo, etc) o que lle permite seguir con aproveitamento a sesión.
- Actitude de iniciativa e interese:.
- Actitude receptiva, participación, traballo cooperativo etc.
- Correcto manexo das TIC mantendo unhas normas de seguridade.
- Participación no traballo dentro e fóra da aula. Hábitos de traballo.
- Expresión oral en exposición de temas, propostas, proxectos, etc.
- Manexo da terminoloxía adecuada.
- Desenvolve a súa tarefa dentro do equipo

TRABALLOS E/OU TAREFAS DA AULA DE INFORMÁTICA: ORTOGRAFÍA

- As propostas indicaran o pesos da nota de cada parte
- Presentadas dentro do prazo
- Non presenta erros ortográficos nin gramaticais
- Orden e presentación

-, ORTOGRAFÍA:

No Claustro de inicio deste curso acordouse incidir, desde todos os departamentos ,a corrección ortográfica. Para iso decidiuse penalizar na nota dos exames e traballos. No departamento ímolo facer do seguinte xeito:

-Por cada falta leve (falta de acentos, non empregar maiúsculas) cometida nun exame descontarase 0,05da nota final.

-Por cada falta grave(confundir b/v, non poner h...) cometida nun exame descontarase 0,10 da nota final.

-O máximo que se descontará en cada exame por faltas de ortografía é un punto.

Se se entrega un traballo con faltas de ortografía daráselle a oportunidade ao alumno ou alumna de volver a entrégalo corrixido.Se o volve entregar con erros, empregarase o mesmo método de penalización

8. -Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

| DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN | | | |
|--|---|--|--------------------------|
| Traballouse menos do 60% das Unidades Didácticas | Traballouse entre o 61% e o 90% das UD | Traballouse entre o 91% e o 99% das UD | Traballouse o 100% da UD |
| Cumprimento baixo | Cumprimento medio | Cumprimento alto | Cumprimento total |
| CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS | | | |
| OBXECTIVO | INDICADORES DE LOGRO | | |
| Mellorar o éxito na materia | <ul style="list-style-type: none"> - A porcentaxe de suspensos é menor 20% ou ben, a porcentaxe de suspensos é maior ao 20% pero diminuiu significativamente respecto do inicio de curso. - Recuperación da materia pendente polo 50% do alumnado que está en dita condición. | | |
| Implicación dos membros do departamento | <p>Cumpríronse estes tres requisitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Existiu coordinación entre os profesores do departamento ao impartir contidos nun mesmo nivel, realizar actividades en común, comentar as dificultades atopadas, ... - Leváronse a cabo UDIs no noso departamento -Realizáronse colaboracións con outros departamentos/dinamizacións/profesores/... | | |
| Mellorar a motivación do alumnado | <ul style="list-style-type: none"> - Realizan o cuestionario todos os membros do departamento -Coméntase as opinións para ver en que aspectos introducir melloras da propia práctica educativa. | | |

Para ir mellorando propoñemos as seguintes liñas de traballo:

1º.- Ir introducindo novas metodoloxías de traballo (realizar proxectos; introducir a Programación e a Robótica de xeito máis sistemático na aula, traballar sen libro de texto fixo, maior integración das TIC's...).

2º.- Mellora da atención á diversidade.

3º.Coordinación con outros departamentos (a nivel de impartición do currículo:en especial con Matemáticas e Física e Química e a nivel de implicación en proxectos: colaborar no PDI do centro; tratar de que editen dixitalmente noutras materias (informática) os informes/vídeos/...elaborados na nosa.

9. - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No curso 2019-20 hai un alumno en 3º ESO coa tecnoloxía pendente de 2º.

Como se acordou no primeiro claustro deste curso os alumnos e alumnas poderán consultar calquera dúbida que lles xurda coa Xefa de Departamento na hora de xefatura, é dicir, os martes a 8 hora.

O día 1 de Outubro, na hora de xefatura do departamento, o alumno coa materia de tecnoloxía pendente, baixará ao taller e a profesora de tecnoloxía lle entregará un boletín de **exercicios, cuestións e actividades de repaso** que serán valoradas e aportarán un **50% da nota** final. O prazo de entrega será ata o día 15 de marzo do 2020.

Ademáis diso a alumna terá que presentarse as **dúas probas parciais nos meses de Febreiro e Maio que aportarán o 50%** restante da nota (mediante a media aritmética de ambas cualificacións). Os contidos sobre os que versarán cada proba serán explicados ao alumnado coa materia pendente na reunión proposta pola Xefa de Departamento no día 1 de Outubro na hora do recreo.

Considerarase a materia aprobada se o alumnado acada unha cualificación igual ou superior a 5. En caso contrario haberá unha proba extraordinaria no mes de Setembro

10. - Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar

Realizarase unha avaliación Inicial que nos sirva como punto de partida para cada alumno ou alumna, tratando de recopilar información sobre os seus coñecementos matemáticos previos, a súa actitude cara ao estudo, a súa actitude dentro da clase.

Para iso, empregaremos estes instrumentos, sempre que nos parezan necesarios:

- Realización dunha proba inicial ou cuestionario.
- Observación do nivel académico a través das tarefas iniciais sobre conceptos previos, en cada curso.
- Análise do expediente previo do alumno/a (ben directamente ou ben a través da información aportada polo Departamento de Orientación nas sesión de avaliación inicial de cada curso).

11. -Medidas de atención á diversidade

Dentro das **medidas ordinarias**, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, levamos a diante as seguintes, en función do caso que se presente:

- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado.
- Adecuación da estrutura e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.

Dentro das **medidas extraordinarias** temos:

- Adaptacións curriculares.

Os mecanismos de detección das intervencións ordinarias e extraordinarias son:

- Avaliación nicial.
- Se no proceso de avaliación continua se advertise que unha alumna ou un alumno non progresa adecuadamente, tan pronto como se detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptaremos medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquira as aprendizaxes necesarias para continuar o proceso educativo.

12. -Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda

O artigo 4 do Decreto 86/2015, que establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade, subliña a relevancia dos elementos transversais na Programación. Determinase que o desenvolvemento da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, e a argumentación en público, así como a educación en valores, a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación, abórdanse dunha maneira transversal.

Con todo, dunha maneira xeral, establecemos as seguintes liñas de traballo:

12.1.- Plan lector

Dende o departamento faremos todo o posible para axudar nos seguintes aspectos:

1. A existencia e fomento dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
2. A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.
3. A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.
4. O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.
5. O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

Ao longo do curso propoñeranse aos alumnos a lectura de textos relacionados coa materia tratada, poñendo especial acento nos artigos científicos e noticias da actualidade relacionadas con innovacións

tecnolóxicas. Estes textos leranse e debaterase a súa comprensión e os diferentes puntos de vista que cada un teña en función da devandita comprensión do texto.

Asimismo dentro do caderno de exercicios de recuperación da materia pendente temos recollidos diferentes textos relacionados cos contidos da materia. Os alumnos e alumnas terán que ler os textos e responder a diferentes preguntas relacionadas con eles.

12.2.- Integración das TICs

As materias de Tecnoloxía e de TIC's xa teñen dentro do currículo ordinario as Tecnoloxías da Comunicación e da Información. De todos os xeitos, de maneira xeral e tendo en conta o material do que dispón a Aula-Taller de tecnoloxía: ordenadores portáteis, ordenadores de sobremesa e proxector, destacamos as seguintes liñas de actuación:

- 1º.- En todas as Unidades Didácticas traballamos con material multimedia accesible por Internet, vídeos obtidos en Internet, páxinas web para realizar exercicios de debuxo técnico, enciclopedias virtuais como Wikipedia....
- 2º.- A Aula Virtual do Centro.
- 3º.- Aplicacións informáticas como presentacións con diapositivas, uso de procesador de textos e follas de cálculo por parte do alumnado para afianzar os contidos.
- 4º.- Correo electrónico como medio de comunicación co alumnado.
- 5º.- Outras ferramentas dixitais como Scratch, tinkerCad, mBlock, arduino, fluidSIM...

12.3.- Plan de convivencia

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro ten un plan de convivencia que recolle e desenvolve os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integra o principio de igualdade entre mulleres e homes e establece, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

O plan de convivencia terá obxectivos dirixidos a todos e cada un dos sectores da comunidade educativa e por finalidade a de favorecer as propostas educativas que axuden ao profesorado e ao alumnado á observación dos valores e as liberdades fundamentais do ser humano.

Os nosos fins no departamento serán os seguintes:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) A busca da corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- e) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- f) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- g) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a

formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

Os nosos fins no departamento serán os seguintes:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) A busca da corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- e) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- f) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- g) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a

13. -Actividades complementarias e extraescolares

Desenvolverase unha **exposición dos proxectos realizados** por todos os cursos sobre o mes de maio. A exposición pública dos proxectos marca un punto final e un acicate para unha mellor presentación dos mesmos, ao ter que ser ensinados a persoas alleas ao grupo de traballo.

Intentaremos levar as cabo as seguintes actividades:

- Visita a **Sotaventoou** en Xermade ou a **RTVG**, en Santiago de Compostela, para o alumnado de 3º ESO. Depende das fechas, aínda sen marcar.
- Visita a **CITIUS**, en Santiago de Compostela, para o alumnado de 4º TIC, aínda sen marcar

14. -Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

15.

Para poder avaliar a presente programación, empregaranse os seguintes procedementos:

- **Reunión mensual dos membros do departamento**, na que se estudará o desenvolvemento real, nas clases, do currículo e se irán establecendo os cambios necesarios: en temporalización, contidos. Tamén se irán revisando periódicamente as actividades extraescolares (as que xurdan novas e a concreción das que se poidan realizar, dentro das marcadas a principio de curso). E asimismo, poñer en común o desenvolvemento real dos diversos plans (de Lectura, TIC, de Convivencia, de Atención á diversidade, de Reforzo ao alumnado con Tecnoloxía pendentas,...). Reflexionarase e tomarase nota de todo o que é mellorable ou que deberíamos ir cambiando na Programación Docente.
- **Revisión de resultados ao final de cada avaliación**: os membros do departamento reflexionarán sobre as cualificacións obtidas polos alumnos e nivel de consecución dos obxectivos previstos para ese trimestre, de ser o caso, suxeriranse medidas de mellora no ámbito metodolóxico
- **Memoria da Programación** que se realiza a final de curso, na cal se expón de xeito concreto e se analizan os resultados obtidos, as actividades realizadas, o currículo desenvolto, a participación nos plans en xeral, na vida do centro,...e se recollen posibles melloras e puntos de partida a ter en conta no deseño da Programación Didáctica do noso departamento para o seguinte curso.
Nese sentido, no deseño da presente programación tivéronse en conta as conclusións da memoria do curso pasado, e centrámonos fundamentalmente en introducir novas metodoloxías de traballo (realizar máis proxectos, tarefas,...) e coordinación curricular con outros departamentos (Física e Química, Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía...).

16. -Información ao alumnado e as familias

Esta programación será obxecto de información ás familias e ao alumnado, polas seguintes vías:

- Explicación nos primeiros días de clase, na presentación da materia.
- Publicación na páxina web, na aula virtual das materias

VILANOVA DE AROUSA 6 Oct 2019

- ANEXOS:**

MEMORIA TÉCNICA

| CATEGORÍAS | 0(NEGATIVA) | 2(NEGATIVA) | 4(INCORRECTA) | 5(CORRECTA) | 7(PERFECTA) | 9(EXCELENTE) |
|-------------------------------|---------------|--|---|---|--|--|
| PRESENTACIÓN(10%) | Non entregado | Mala letra, case inintelixible | Entrega fora de prazo. Mala letra e non respetaos márxenes, espazos, interlineado, sen grapar, nome de arquivo non adecuado | Presentación mínima adecuada, respeta a maioría de normas de estilo explicadas(encabezado, pie de páxina, | Respeta todas as normas de estilo, ten boa presenza | Está perfectamente acabado e inclúe tipografía orixinal, boas maquetacións |
| | | | | numeración, estilos, etc..) | | |
| EXPRESIÓN ESCRITA(10%) | Non entregado | Non se entenden as frases, mala síntexe, datos inconexos, moitas faltas de ortografía | Exprésase de forma incorrecta e tan resumida que non expresa críticas nin opinión, hai faltas de ortografía | Exprésase ben e manifesta con claridade as súas ideas, e non hai faltas que un procesador de textos pode detectar | Ademáis dunha expresión correcta e ausencia de faltas, manifesta críticas e opinións | Contribúe con críticas que permiten mellorar os futuros proceso de ensinanza-aprendizaxe |
| CONTIDOS(50%) | Non entregado | Faltan gran cantidade de apartados por encher | Faltan contidos mínimos requeridos ou os apartados do proxecto non están debidamente cumprimentados | Contidos mínimos requeridos. Todos os apartados debidamente cumprimentados | Contidos apropiados para o proxecto. | Admáis do anterior, inclúense valiosos datos adicionais |
| DEBUXOS/PLANOS(30%) | Non entregado | Faltan moitos planos e os que inclúen están mal presentados, sen regra, sen acotacións, sen escala | Faltan planos mínimos, acotacións sen respetar as normas, liñas paralelas, non respeta as escalas | Planos mínimos requeridos | Planos apropiados, realizados con regra, acotación según norma, sen erros | Ademáis do anterior, nos planos aportanse datos adicionais que melloran a comprensión |

PROXECTO TECNOLÓXICO

| CATEGORÍAS | DIFICULTADE(10%) | FUNCIONAMENTO(40%) | TRABALLO EN GRUPO(10%) | TRABALLO INDIVIDUAL E CUMPLIMENTO DAS NORMAS DE SEGURIDADE(20%) |
|---------------|---|---|--|--|
| 0 | Non entregado | Non entregado | Non entregado | Non entregado |
| 2(NEGATIVA) | Está mal construído, despréciase material, etc.. | Non incorpora nada do estudado, ten unha dificultade nula, non se poden extraer aprendizaxes significativos | Moi mala organización e coordinación do equipo; nadie fai nada productivo | Traballou moi pouco: xoga e pon en perigo a seguridade dos demais. Malgasta material |
| 4(INCORRECTA) | O mal acabado impide o correcto funcionamento o desperdiciouse material | Non corresponden co nivel de estudos dos alumnos | Falta a mínima coordinación e organización: un fai algo, os outros miran | Non traballou o mínimo requerido. Non cumpre estrictamente as normas de seguridade |
| 5(CORRECTA) | Acabado mínimo requerido | Axústase ao estrictamente necesario | Coordinación e organización mínima requerida para sacar o proxecto adiante | Traballou o mínimo requerido e cumpre as normas de seguridade todo o tempo |
| 7(PERFECTA) | Está ben acabado, | O nivel adecúase ao nivel de estudos do alumno e reporta valor | Boa coordinación e organización do equipo de traballo | Traballo perfecto, realizou todas as súas tarefas con responsabilidade e independencia. Ademais, vixilou e axudou aos seus compañeiros a cumprir as normas |
| 9(EXCELENTE) | Está perfectamente acabado. Non se desperdicia material | É dun nivel superior ao do alumnado, demostra dominio da materia, combina varios bloques de contidos | Moi boa coordinación e organización do equipo de traballo | Excelente traballo, con aprotacións adicionais que beneficiaron ao grupo |

ACTITUDE

| Desempeños | | | | |
|---------------------------|--|--|--|---|
| Crterios | En proceso(0) | Mejorable(0.15) | Aceptable(0.25) | Excelente(0.4) |
| Contribuciónno grupo(20%) | Nonparticipanasactividades dogrupoenonproporcionaideas, soluciónsoucomentarios | Participasoamentenalgunhasdas actividadesondeásveces proporcionaideas,soluciónsou comentarios. | Participaactivamenteenmoitas dasactividades proporcionandoideas,soluciónsou comentarios. | Participaactivamenteentodas asactividadesproporcionando ideas,solución e ocomentarios deformaprecisa. |
| Interésenclase | Nonanalizao materialdeapoio. En poucas clasestomouapuntosnosque | Estudiaalgúsmateriaisde apoio. Nalgunasclasesoma apuntosnosqueresalta | Estudiocasitodososmateriais deapoioquese lledeixaron.Nalgunasclasesoma | Estudioutodososmateriaisde apoiloqueseledeixaron. Sempreduranteasclasesomou |

